

Sra. Conselleira de Educación:

Para a CIG-Ensino non deixa de ser preocupante que o MEC veña de presentar un proxecto de Real Decreto de ensinanzas mínimas para ESO no que propón reducir o actual carga horaria da materia de Tecnoloxía en preto de 30%, fixando case a mesma carga horaria para Relixión como para Tecnoloxía.

Preocúpanos, tamén, que a Consellaría de Educación, da que vostede é responsábel, non teña, que nós coñezamos, feito ningunha xestión ou acción para que o MEC retirara esta proposta e asumir a carga horaria actual para a materia de tecnoloxía.

Supoñemos que será vostede consciente de que, de non mudar de posicionamento o MEC, as consecuencias poderían ser sumamente drásticas, pois habería profesorado interno que se quedaría sen traballo e o profesorado funcionario veríase afectado, tendo que impartir aíns, compartir centro ou quedar suprimido ou desprazado; a non ser que, a Conselleira teña intención de corrixir esta redución horaria nas ensinanzas mínimas, coa publicación dos currículos en Galiza.

É obvio que, coa carga horaria prevista polo MEC, desaparecerían contidos do Currículo que son básicos para que o alumnado poida recibir unha formación necesaria, acorde coa actual realidade social e tecnolóxica.

En consecuencia, reclamámoslle que como Conselleira debe intervir para que o MEC fixe, nas ensinanzas mínimas da materia de tecnoloxía, a actual carga horaria lectiva, 195 horas fronte as 140 propostas para que o alumnado teña, como mínimo, 7 horas semanais totais para os 3 primeiros cursos de ESO e 3 horas para 4º curso.

Agardamos que asuma esta problemática como propia, pois, de non ser así, as consecuencias negativas terían que ser resoltas cando se fixen os horarios de ESO en Galiza.

Reciba un cordial saúdo,

Santiago, 24 de novembro de 2006

Asdo: Anxo Louzao Rodríguez  
Secretario Nacional da CIG-Ensino

SRA. CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.